



MARCELINO ESTÉVEZ FERNÁNDEZ
NOTARIO

Calle República de El Salvador, 3 - 4º B
Tel. 981 55 80 18 - Fax: 981 57 22 99
SANTIAGO

S.-

NUMERO NOVECIENTOS SESENTA E OITO.- -----

EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, a miña residencia, a
nove de Xullo de dous mil vinte e catro. -----

Perante min, **MARCELINO ESTEVEZ FERNANDEZ**, Nota-
rio do Ilustre Colexio de Galicia, -----

-----COMPARECE:-----

DON JOSÉ RAMÓN LETE LASA, maior de idade, sepa-
rado xudicialmente, funcionario, veciño de SANTIAGO
DE COMPOSTELA (A CORUÑA), con enderezo a estes
efectos, Rúa de Madrid 2-4, Fontiñas, 2º andar; con
DNI 16241747K. -----

-----INTERVEN: -----

En nome e representación da **FUNDACIÓN DEPORTE**
GALEGO, que ten por finalidade a promoción e incen-
tivo do deporte e da actividade física en Galicia,
domiciliada en Santiago de Compostela, Rúa de Ma-
drid 2-4, Fontiñas, 2º andar; foi constituída por
tempo indefinido mediante escritura autorizada polo
Notario que foi de Santiago de Compostela, don José

Antonio Montero Pardo, o día 27 de abril de 2001, número 825 de protocolo; inscribíndose no Rexistro Especial da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, como fundación de interese galego co número 2001/12. -----

Ten asignado o CIF número **G15769383**. -----

Actúa como Presidente do Padroado, cargo que ostenta en virtude do establecido no artigo 13.2, letra a) dos Estatutos da Fundación, no que se establece que o Presidente será a persoa que ostente o cargo de Secretario Xeral ou Director Xeral de Deporte, sendo o comparecente, don José Ramón Lete, Secretario Xeral do Deporte da Xunta de Galicia, cargo para o que foi nomeado segundo resulta do Decreto 158/2018, do 13 de decembro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicado no DOGA N° 238 do día catorce de decembro de dous mil dezaioito. -----

Acredítame o seu cargo, ademais, con certificación de data de dezasete de xaneiro de dous mil vinte e catro, expedida por don David Castro Sanmartín, xefe do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta



de Galicia, na que tamén constan os cargos dos restantes membros do Padroado da Fundación, entre eles, o da Secretaria dona Alicia Seijas Peña, designada polo Presidente do Padroado con data vinte e dous de setembro de dous mil vinte e un. -----

Está especialmente facultado para este acto en virtude dos acordos do Pleno de Padroado de data once de xaneiro de dous mil vinte e catro, tal como resulta da certificación que nesta escritura se eleva a público. -----

Asevera o comparecente que a Fundación que representa existe, que non variou a personalidade xurídica, domicilio nin obxecto da mesma e que o seu cargo se acha vixente; considéroo eu, o Notario, con facultades suficientes para o presente outorgamento. -----

IDENTIFICO ao comparecente polo súa reseñada documentación e xúlgoo, tal e como intervén, con discernimento suficiente para exercitar por si so a súa capacidade xurídica no outorgamento da presente

escritura de **ELEVACIÓN A PÚBLICO DE ACORDOS DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**, e ao efecto, -----

-----**OUTORGA:** -----

Executa os acordos tomados en reunión do Padroado da Fundación, de data once de xaneiro de dous mil vinte e catro, relativos á modificación dos estatutos da Fundación, na forma que resulta de certificación expedida por dona Alicia Seijas Peña, Secretaria do Padroado da FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, co Visto e Prace do Presidente, o aquí comparecente, cuxas sinaturas lexitimo por recoñecelas como súas a miña presenza, e que incorporo a presente, xunto cos referidos estatutos. -----

Asimesmo, entrégame para unir a esta matriz, fotocopia compulsada da certificación da reunión do Consello da Xunta, de dez de xullo de dous mil vinte e catro, aprobando a devandita modificación estatutaria. -----

Fágolle as reservas e advertencias legais. ----

PROTECCION DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL. ----

Os datos persoais dos intervinientes serán tratados polo Notario titular, cuxos datos de contacto son accesibles en www.notariado.org. Se se facilitan datos de persoas distintas dos intervinientes, es-



tes son responsables de informarlles previamente do previsto no artigo 14 do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD). -----

A finalidade do tratamento é realizar as actividades propias da función pública notarial, incluído o cumprimento das obrigacións derivadas da normativa sobre prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo. Con este último fin, as Administracións Públicas competentes poden levar a cabo decisións automatizadas, autorizadas pola Lei, incluída a elaboración de perfís. Así mesmo, os datos serán tratados por Notaría para a facturación e xestión de clientes. -----

Para os efectos indicados, realizaranse as comunicacións de datos previstas na Lei ás Administracións Públicas competentes. -----

Os datos conservaranse durante os prazos previstos na normativa aplicable e, en calquera caso, mentres se manteña a relación co interesado. O Delegado de Protección de Datos é Picón E Asociados

Avogados e os seus datos de contacto atópanse publicados en Notaría. Os intervintes teñen dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais, a súa rectificación, a súa supresión, a súa portabilidade e a limitación do seu tratamento, así como opoñerse a este. Fronte a calquera vulneración de dereitos, pode presentarse unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos na Web www.aepd.es". -----

Eu, o Notario, fago constar expresamente que foi cumprida a obriga de identificar ao titular real que impón a Lei 10/2010, de 28 de abril, resultando en canto á entidade outorgante de conformidade co art. 9 da mesma Lei, segundo declara o seu representante non estar obrigado ao tratarse dunha Fundación Pública constituída pola Xunta de Galicia, e que ten a consideración de medio propio e instrumental da Xunta de Galicia. -----

Leo, pola súa elección, esta escritura, apróbana e asínana comigo Notario, que dou fe de que o seu consentimento foi libremente prestado e de que o outorgamento se adecúa á legalidade e á vontade debidamente informada dos intervintes, e de todo o consignado en catro folios de clase Notarial, núme-



SEGU E SINATURA DO COMPARECENTE.- SINADO, ASINADO: MARCELINO ESTÉVEZ, RUBRICADO E SELADO.-----

[illegible]

ALICIA SEIJAS PEÑA, con DNI 33305991J, Secretaria do Padroado da Fundación Deporte Galego,

CERTIFICA

1.- Que o día 11 de xaneiro de dos correntes celebrouse xuntanza do Pleno do Padroado fundacional debidamente convocada, constituíndose este de conformidade co estipulado no artigo 23.4 dos estatutos fundacionais e cumprindo co establecido no artigo 23.6 dos mesmos respecto á adopción dos acordos.

2.- Que o Pleno aprobou por unanimidade a modificación dos estatutos fundacionais, quedando os mesmos redactados conforme o texto que se achega con esta certificación.

3.- Que de igual forma aprobouse:

- a) Dar traslado ao Protectorado da Fundación do presente acordo
- b) Facultar ao Presidente da Fundación para o outorgamento da escritura pública e a súa inscrición no Rexistro de Fundación de Interese Galego.

E, para que así conste, expido este certificado.

A Secretaria da Fundación

SEGUE A SINATURA

Asdo.: Alicia Seijas Peña

Vº Bº O Presidente

SEGUE A SINATURA

Asdo.: Jose Ramón Lete Lasa



**XUNTA
DE GALICIA**

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN PÚBLICA DEPORTE GALEGO

ESTRUTURA DOS ESTATUTOS

Título 1: Disposicións Xerais

- Artigo 1. Denominación e Natureza
- Artigo 2. Personalidade xurídica e capacidade
- Artigo 3. Réxime xurídico

Título II. Obxecto da Fundación

- Artigo 4. Domicilio
- Artigo 5. Ámbito de actuación
- Artigo 6. Fins e actividades fundacionais
- Artigo 7. Liberdade de actuación e desenvolvemento dos fins

Título III. Regras básicas para a aplicación dos recursos ao cumprimento dos fins fundacionais e para a determinación das persoas beneficiarias

- Artigo 8. Destino de rendas e ingresos
- Artigo 9. Beneficiarios/as

Título IV. Goberno da Fundación

- Artigo 10. Presidencia de Honra
- Artigo 11. Órganos da Fundación
- Artigo 12. Natureza
- Artigo 13. Composición
- Artigo 14. Duración do mandato, nomeamento e substitucións dos membros do Padroado
- Artigo 15. Aceptación dos/as patróns/patroas
- Artigo 16. Cese dos/as patróns/patroas
- Artigo 17. Organización do Padroado
- Artigo 18. Presidente/a
- Artigo 19. Vicepresidente/a
- Artigo 20. Secretario/a
- Artigo 21. Facultades do Padroado
- Artigo 22. Xuntanzas do Padroado e convocatoria
- Artigo 23. Formas de deliberar e adoptar acordos
- Artigo 24. Dereitos e deberes dos/as patróns/patroas
- Artigo 25. Responsabilidades e facultades dos/as patróns/patroas
- Artigo 26. Carácter gratuito do cargo de patrón/patroas
- Artigo 27. Director/a-Xerente
- Artigo 28. Funcións do/a Director/a-Xerente
- Artigo 29. Comisión de auditoría e control





**XUNTA
DE GALICIA**

Título V. Réxime económico

Artigo 30. Dotación fundacional

Artigo 31. Patrimonio fundacional e adscripción a este

Artigo 32. Financiamento

Artigo 33. Réxime económico-financeiro

Artigo 34. Elaboración do Plan e presentación das contas anuais

Título VI. Da modificación, agregación ou extinción

Artigo 35. Modificación estatutaria

Artigo 36. Fusión con outra fundación e escisión

Artigo 37. Extinción

Artigo 38. Liquidación e adxudicación do patrimonio

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA





**XUNTA
DE GALICIA**

Título I. Disposicións Xerais

Artigo 1. Denominación e natureza

1.1 Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, a Fundación Pública Deporte Galego -en diante Fundación- foi constituída pola Xunta de Galicia, como fundación de interese galego para o fomento do deporte e a práctica deportiva no seu ámbito de actuación.


1.2 A Fundación, constituída sen ánimo de lucro, e cuxo patrimonio está afectado de forma permanente á realización dos fins de interese xeral que constitúen o seu obxecto, ten a consideración de medio propio e instrumental da Xunta de Galicia, o que implica a súa vinculación ao réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Está adscrita á Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 2. Personalidade xurídica e capacidade

2.1 A Fundación, cualificada e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, actuando de conformidade co establecido no ordenamento xurídico, todos os actos que se estimen necesarios para o cumprimento dos seus fins.

2.2 Con carácter meramente enunciativo e non limitativo, e sen prexuízo das pertinentes autorizacións do Protectorado, a Fundación poderá adquirir, conservar, posuír, dispoñer, enaxenar e gravar toda clase de bens mobles, inmobles e dereitos, así como realizar todo tipo de actos e contratos; recibir e reembolsar préstamos; transixir e acudir á vía administrativa ou xudicial no exercicio de toda clase de accións e excepcións ante organismos públicos e privados, xulgados e tribunais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

2.3 A Fundación non poderá exercer potestades públicas, podendo realizar unicamente actividades relacionadas co ámbito competencial da entidade fundadora, contribuíndo á consecución dos seus fins sen que isto supoña a asunción da titularidade das súas competencias, agás atribución legal expresa.





Artigo 3. Réxime xurídico

3.1 A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida. Rexerase pola vontade do fundador expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o Padroado, e en todo caso pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da fundacións de interese galego, polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola normativa de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, pola lexislación xeral de subvencións, pola Lei de contratos do sector público e pola normativa da función pública de Galicia, nos aspectos que procedan.

3.2 Terase tamén en conta o Decreto 217/2008, do 25 de setembro, polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico en todo aquilo que non resulte incompatible ca Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia mentres non entren en vigor as disposicións de desenvolvemento desta lei que o substitúan.

3.3 Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro de Réxime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e dos Incentivos Fiscais do Mecenado, e polo R.D. 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, así como pola demais normativa que sexa de aplicación.

3.4 Finalmente, A Fundación Pública Deporte Galego, no exercicio das súas competencias, integrará activamente a perspectiva de xénero, de acordo co establecido no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e demais normativa aplicable.





**XUNTA
DE GALICIA**

Título II. Obxecto da Fundación

Artigo 4. Domicilio

4.1 O domicilio da Fundación radica na Rúa de Madrid 2-4 (Fontiñas), 2º andar, de Santiago de Compostela, podendo establecer o Padroado delegacións e centros noutras localidades distintas a anterior.

4.2 O Padroado poderá acordar o cambio de domicilio da Fundación, mediante a oportuna modificación estatutaria, cando as necesidades de xestión e organización así o aconsellen, dando inmediata comunicación ao Protectorado na forma establecida na lexislación vixente.

Artigo 5. Ámbito de actuación

A Fundación desenvolverá a súa actividade na Comunidade Autónoma galega sen prexuízo de poder acometer actuacións fóra de Galicia cando estas teñan por obxecto a consecución de fins de interese galego relacionados co seu obxecto fundacional.

Artigo 6. Fins e actividades fundacionais

Servido ao interese xeral de Galicia, a Fundación ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia, comprendéndose nestes ámbitos tanto as actividades deportivas competitivas como calesquera outras vertentes do eido deportivo e da actividade física, como son o ámbitos educacional, a saúde ou, entre outros, os ligados á vertente económica do deporte e ás súas funcións sociais. Para estes desenvolvementos, a Fundación poderá levar a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

1. Colaboración coas administracións e con institucións e entidades, públicas e privadas, en calquera actividades, accións e programas, que coadruven ao mellor cumprimento dos seus fins fundacionais.
2. Organización e/ou apoio, de eventos deportivos e outras actividades e accións relacionadas cos seus fins, a celebrar na comunidade autónoma galega, ou fóra dela cando sexa de interese para aquela, así como participación, apoio, patrocinio, ou calquera outra forma de colaboración, na





realización de actividades, programas e eventos vinculados ao ámbito deportivo, organizados por outras persoas, entidades ou institucións, públicas ou privadas.

3. Fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia.

4. Realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as.


5. Realización de actividades formativas e divulgativas nos ámbitos de interese para a Fundación, así como a edición de publicacións e outros soportes informativos, relacionados cos fins fundacionais.

6. Realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins.

7. Construción e/ou xestión, directa ou indirecta, de instalacións deportivas, públicas e privadas, podendo a Fundación, no seu caso, fixar os prezos a percibir polos servizos prestados aos/ás usuarios/as atendendo ao estipulado pola lexislación en vigor.

8. Xestión de instalacións deportivas pertencentes á administración autonómica. A fundación xestionará, directa ou indirectamente, as instalacións e servizos seguidamente referenciados e de titularidade da comunidade autónoma galega:

- Complexo Deportivo de Elviña (A Coruña)
- Complexo Deportivo de A Sardiñeira (A Coruña)
- Complexo Deportivo de Agra I (A Coruña)
- Pavillón polideportivo Agra II (A Coruña)
- Pavillón polideportivo Elviña II (A Coruña)
- Pavillón polideportivo de Montes das Moas (A Coruña)
- Pavillón polideportivo de Monte Alto (A Coruña)
- Parques deportivo e acuático, e instalacións anexas, de Acea de Ama (Culleredo, A Coruña)
- Complexo deportivo de Monterrei (Pereiro de Aguiar, Ourense)





9. Tramitación diante das administracións, institucións e outras entidades das correspondentes solicitudes de subvención, axudas, así como a xestión de doazóns, convenios de colaboración, contratos de patrocinio, etc., que aporten recursos para o cumprimento dos fins fundacionais.

10. Exercicio das actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias á actividade principal.

11. Calquera outra actuación que, directa ou indirectamente, contribúa á mellora da actividade física e do deporte na comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 7. Liberdade de actuación e desenvolvemento dos fins

7.1 O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis axeitados ou convenientes en cada momento.

7.2 O desenvolvemento dos fins da Fundación poderá efectuarse, entre outros modos posibles, do seguinte xeito:

- a) Directamente, en instalacións propias ou alleas.
- b) Promovendo ou fomentando a creación doutras entidades de natureza asociativa, fundacional ou societaria.
- c) Participando ou colaborando co desenvolvemento de actividades doutras entidades, organismos ou institucións ou persoas, físicas ou xurídicas, que dalgún xeito poidan servir aos fins perseguidos pola Fundación.

7.3 A Fundación dará cumprida información dos fins e actividades que realiza a través dos medios ao seu alcance, aplicando en todo momento os principios de transparencia e bo goberno.

Título III. Regras básicas para a aplicación dos recursos ao cumprimento dos fins fundacionais e para a determinación das persoas beneficiarias

Artigo 8. Destino de rendas e ingresos

8.1 A Fundación destinará para a realización dos seus fins cando menos a porcentaxe que en cada momento determine a normativa vixente (agás as





aportacións efectuadas en concepto de dotación), adicándose o resto, deducidos os gastos de administración, a incrementar a dotación fundacional ou a reservas segundo acordo adoptado polo Padroado.

8.2 Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

8.3 Os recursos da Fundación entenderanse adscritos á realización dos fins fundacionais, agás no caso de que os bens lle sexan transmitidos para unha finalidade determinada, en cuxo caso entenderanse afectos á realización dos obxectivos que o transmitinte establecera.

Artigo 9. Beneficiarios/as

9.1 A finalidade da Fundación serve ao interese xeral e, en consecuencia, poderán ser beneficiarios/as da mesma as persoas naturais ou xurídicas residentes en Galicia, ou vencelladas á Comunidade Autónoma, sen discriminación algunha.

9.2 A determinación dos/as beneficiarios/as será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

Título IV. Goberno da Fundación


Artigo 10. Presidencia de Honra

A Presidencia de Honra da Fundación será ostentada polo/a o/a titular da Presidencia da Xunta de Galicia, asumindo con carácter exclusivo a mera representación honorífica da Fundación.

Artigo 11. Órganos da Fundación

11.1 O órgano de goberno da Fundación é o Padroado. O Padroado estará integrado por un/unha Presidente/a, un/unha Vicepresidente/a e os/as Vogais, e disporá dun Secretario ou Secretaria, quen asistirá ás súas reunións con voz, pero sen voto, debendo levantar a correspondente acta.

11.2 Serán órganos de xestión da Fundación o/a Director/a Xerente e os demais cargos directivos de primeiro nivel que puideran crearse por acordo expreso do órgano de goberno.





**XUNTA
DE GALICIA**

CAPÍTULO I: O PADROADO

Artigo 12. Natureza

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e exercerá as funcións que lle corresponden de conformidade coa lexislación vixente e co establecido nos presentes Estatutos.

Artigo 13. Composición

13.1. O Padroado quedará composto por seis membros.

13.2. O Padroado estará integrado por:

a) Presidente: Secretario/a Xeral ou Director/a Xeral competente en materia de Deporte.

b) Vicepresidente: Secretario/a Xeral ou Director/a Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de Asesoría Xurídica.

c) Vogais:

- A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica dependente da consellería con competencias en materia de Facenda.

- A persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

- A persoa titular da Dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG). En tanto non se nomeen os cargos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, actuará como vogal a persoa titular da Dirección Xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia".

- Unha persoa do departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de deportes, designado polo Presidente.

13.3. Actuará como Secretario/a do Padroado, con voz pero sen voto, unha persoa designada para o efecto polo/a Presidente/a.

Artigo 14. Duración do mandato, nomeamento e substitucións dos membros do Padroado

14.1 Os membros do Padroado formarán parte del mentres desempeñen o cargo por razón do cal foron nomeados.





14.2 En caso de modificación de órganos que se correspondan cos cargos que forman parte do Padroado, corresponderá a súa substitución ao/á titular do órgano que asuma as competencias do departamento obxecto de modificación.

14.3 A substitución dos/as patróns/patroas comunicáraselle formalmente ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

Artigo 15. Aceptación dos/as patróns/patroas

15.1 Os/as patróns/patroas entrarán a exercer as súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un/unha fedatario/a público/a, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo/a Secretario/a co visto e praxe do/a Presidente/a.

15.2 A aceptación comunicárase formalmente ao Protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 16. Cese dos/as patróns/patroas

16.1 O cese dos/as patróns/patroas da Fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento da persoa física, así como por extinción da persoa xurídica.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- c) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados os membros do Padroado.
- d) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia prevista na alínea 1 do artigo 22 da Lei 12/2006 de Fundacións de Interese Galego, de así ser declarado por resolución xudicial.
- e) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade polos actos mencionados no artigo 22.2 desta lei.
- f) Por transcorreren seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen instar a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.



g) Por transcorrer o período do seu mandato, de teren sido nomeados por tempo determinado.

h) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación. A renuncia será efectiva desde o momento en que se lle notifique ao órgano de goberno da Fundación.

i) Por remoción acordada polo/a Presidente/a do Padroado no caso dos membros do Padroado designados/as por este/a.

16.2 O cesamento comunicarase formalmente ao Protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 17. Organización do Padroado

17.1 O Padroado contará necesariamente cun Presidente/a, Vicepresidente/a e Secretario/a. Segundo o artigo 17 do Decreto 14/2009 as reunións do Padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos, a metade máis un dos seus membros.

17.2 Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse pola metade mais un dos asistentes, sendo dirimente no caso de empate o voto da Presidencia.

Artigo 18. Presidente/a

Correspóndenlle ao/á Presidente/a da Fundación as seguintes atribucións:

- a) Convocar as xuntanzas do Padroado, establecendo a súa orde do día, presidíndoas e dirixindo os seus debates.
- b) Representar á Fundación ante todo tipo de institucións públicas e persoas físicas ou xurídicas privadas, sendo o encargado de subscribir os acordos relativos ao establecemento de colaboracións destinadas á obtención de recursos económicos, agás nos supostos nos que expresamente se habilite a outro membro do Padroado.
- c) Seguindo as directrices do Padroado, dirixir a organización e actividades da Fundación, sen prexuízo das funcións encomendadas ao Director-Xerente.
- d) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente/a do órgano.





Artigo 19. Vicepresidente/a

Corresponderá ao/á Vicepresidente/a realizar as funcións do/a Presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Fundación, naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.

Artigo 20. Secretario/a

Correspóndenlle ao/á Secretario/a da Fundación as seguintes atribucións:

a) Convocar aos membros do Padroado por orde do/a seu/súa Presidente/Presidenta; custodiar a documentación pertencente á Fundación, redactar as actas das xuntanzas do Padroado, expedir as certificacións e informes que sexan precisos e todas aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

b) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Secretario/a do órgano.

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o Secretario/a será substituído polo vogal de menor idade do Padroado.

Artigo 21. Facultades do Padroado

21.1 Corresponderá ao Padroado cantas facultades se precisen en Dereito para o eficaz cumprimento do fin fundacional e, en concreto, para o goberno, representación, inspección, vixilancia, orientación e administración da Fundación, sen outras limitacións que as establecidas polos presentes estatutos e polas disposicións vixentes; asemade, correspóndelle a modificación e interpretación dos presentes estatutos nos termos establecidos na lexislación vixente. O Padroado gozará de plena autonomía no exercicio das súas funcións, sen prexuízo das facultades que se outorguen ou correspondan ao Protectorado.

21.2 Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título unicamente enunciativo, serán facultades do Padroado:

a) Cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

b) Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles





entre as finalidades da Fundación.

- c) Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- d) Aprobado o plan de actuación e as contas anuais, que serán obxecto de presentación ao Protectorado.
- e) Determinar os criterios de actuación e os procedementos xerais aos que deba suxeitarse a Fundación, que en todo caso axustaranse á normativa que lle é de aplicación.
- f) Acordar a adquisición, enaxenación e gravame de bens mobles ou inmoables para ou pola Fundación, subscribindo os correspondentes contratos.
- g) Aprobado o cadro de persoal.
- h) Aprobado as bases dos procesos selectivos do persoal.
- i) Nomear e cesar ao Director-Xerente, por proposta do/da Presidente/a do Padroado.
- j) En xeral, cantas outras funcións deba desenvolver para a administración e goberno da Fundación.


21.3 O Padroado poderá delegar no/na Presidente/a as facultades de representación e administración da Fundación e as de execución dos acordos do Padroado, sen que poidan ser obxecto de delegación a aprobación das contas anuais e do plan de actuación, aqueles actos que requiran a aprobación do Protectorado, e a adopción dos acordos de modificación, fusión, extinción ou liquidación da Fundación.

21.4 O Padroado poderá realizar delegación de facultades no/na Presidente/a, nun/nunha ou varios/as patróns/patroas, ou en Comisións ou Comités que se constitúan, sempre e cando estas funcións sexan delegables de conformidade coa normativa vixente.

21.5 O Padroado poderá realizar apoderamentos no Director-Xerente, sempre e cando se poidan realizar de conformidade coa normativa vixente.

21.6 O Padroado poderá nomear apoderados xerais e/ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.

21.7 As delegacións e apoderamentos xerais, así como as súas revogacións deben ser inscritas no Rexistro de Fundacións.





Artigo 22. Xuntanzas do Padroado e convocatoria

22.1 O Padroado, a iniciativa do/da Presidente/a, xuntarase de xeito ordinario dúas veces ao ano e de xeito extraordinario tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación. Igualmente convocarase xuntanza do Padroado por petición das dúas terceiras partes dos seus membros.

A convocatoria faráselle chegar a cada un dos membros, polo menos con cinco días naturais de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Así mesmo, a documentación relativa aos puntos da orde do día estará a disposición dos membros do Padroado cunha antelación mínima de 48 horas.

Nas convocatorias de xuntanzas extraordinarias seguirase o mesmo sistema ca no das xuntanzas ordinarias. Só en casos debidamente xustificadas a convocatoria pode realizarse cunha antelación mínima de corenta e oito horas á súa celebración.

22.2 Na convocatoria do Padroado farase constar o lugar, data e hora de celebración da xuntanza, así como a orde do día e, se é o caso, a documentación precisa.


22.3 Non será precisa convocatoria previa cando se atopen presentes todos os patróns e acorden por unanimidades a celebración da xuntanza. En tal caso, o Padroado quedará validamente constituído para tratar os temas que, os membros con dereito a voto, decidisen unanimemente incluír na orde do día.

22.4. As xuntanzas do padroado, tanto as ordinarias como as extraordinarias poderán celebrarse de xeito presencial, mediante multiconferencia telefónica, videoconferencia ou calquera outro sistema análogo que asegure a comunicación en tempo real e, por tanto, a unidade do acto, de forma que un, varios, ou incluso todos os patróns asistan telemáticamente á reunión.

As circunstancias de celebración e a posibilidade de utilizar ditos medios telemáticos se indicarán na convocatoria da reunión, que se entenderá celebrada no domicilio da fundación. O secretario terá que recoñecer a identidade dos patróns asistentes e expresalo así na acta.

22.5. O Padroado poderá adoptar acordos sen celebrar reunión, a proposta do presidente ou cando o solicite un terzo dos membros do órgano, sempre que ningún dos patróns se opoña.

As reunións do padroado sen sesión versarán sobre propostas concretas, que serán remitidas polo presidente, por escrito, á totalidade de membros do Padroado, quen deberán responder tamén por escrito no prazo de corenta e





oito horas dende a súa recepción.

O secretario deixará constancia na acta dos acordos adoptados, expresando o nome dos membros do órgano con indicación do voto emitido por cada un deles. Neste caso, se considerará que os acordos foron adoptados no lugar do domicilio social e na data de recepción do último dos votos

Artigo 23. Formas de deliberar e adoptar acordos

23.1 As xuntanzas do Padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, polo menos a metade máis un dos seus membros.


23.2 Os acordos serán adoptados por maioría absoluta dos/das asistentes, sendo dirimente, en caso de empate, o voto do/da Presidente/a. En todo caso, requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos/das asistentes, sempre que ademais iso supoña a maioría absoluta dos membros do Padroado, para a adopción dos seguintes acordos: disposición gratuíta de bens fundacionais, modificación de estatutos, a fusión, a escisión e extinción da Fundación, e calquera acto cando así veña esixido pola lexislación vixente.

23.3 As actas do Padroado serán redactadas polo/a Secretario/a e aprobadas, na seguinte sesión, salvo que o Padroado acorde outro procedemento de aprobación. Unha vez aprobada, transcribírase no correspondente libro de actas e será asinada polo/a Secretario/a co visto e prace do/da Presidente/a. O/A Secretario/a poderá emitir certificación sobre os acordos adoptados en sesións cuxas actas aínda non foran aprobadas, facendo constar naquela este extremo.

Artigo 24. Dereitos e deberes dos/as patróns/patroas

24.1 Correspóndelle aos membros do Padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- b) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.
- c) Exercer o seu dereito de voto e formular voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Participar nos debates das sesións.
- e) Formular rogos e preguntas.





- f) Obter a información precisa para o cumprimento das funcións asignadas.
- g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición e todas aquelas que expresamente lles sexan atribuídas por acordo do Padroado.

24.2 Son deberes dos membros do padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico- financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir ás xuntanzas do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego e no Rexistro de Entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Cumprir co determinado na lexislación vixente e nos presentes Estatutos.

24.3 O Padroado dará información suficiente dos fins e actividades da Fundación para seren coñecidos polos/as seus/súas eventuais beneficiarios/as e demais interesados/as.

Artigo 25. Responsabilidades e facultades dos/as patróns/patroas

25.1 Os/As patróns/patroas, en canto membros do órgano de goberno da Fundación, terán e exercerán as facultades que lle corresponden con independencia, sen máis trabas e limitacións que as establecidas no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos, debendo desempeñalas coa dilixencia dun representante leal.

25.2 Os/As patróns/patroas responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos se opuxeron expresamente a aquel.





Artigo 26. Carácter gratuito do cargo de patrón/patroa

Os/As patróns/patroas exercerán o seu cargo gratuitamente, sen que poidan percibir retribución algunha por desempeñar as súas funcións. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 23 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, terán dereito a ser resarcidos/as dos gastos debidamente xustificadas que o cargo lles ocasione no exercicio das súas funcións, así como a percibir dietas de asistencia ás reunións do órgano de goberno nas condicións sinaladas na normativa en vigor.

CAPÍTULO II: ÓRGANO DE XESTIÓN


Artigo 27. Director/a-Xerente

O Padroado nomeará, e no seu caso cesará, o/a Director/a-Xerente por proposta do/da Presidente/a da Fundación, quen será responsable da xestión ordinaria e administración da Fundación.

Artigo 28. Funcións do/a Director/a-Xerente

A título meramente enunciativo, corresponderán ao/á Director/a-Xerente as seguintes atribucións:

- a) Propor, en base ás directrices emanadas do Padroado e do/da Presidente/a, os plans periódicos de actuación, así como os plans, proxectos e actividades a realizar, cos orzamentos necesarios para levalos á práctica.
- b) Velar polo cumprimento dos programas, plans, proxectos e actividades dentro do orzamento asignado e adoptar as medidas axeitadas para levalos á práctica.
- c) Coordinar a organización do traballo, dirixir e facer seguimento do persoal da Fundación e propor anualmente a relación de postos de traballo.
- d) Formular o plan de actuación para a súa presentación e aprobación polo Padroado.
- e) Realizar os traballos precisos para a elaboración e formulación das contas anuais e da memoria de cada exercicio, así como para os seguimentos periódicos da actividade e do orzamento e os informes que lle fosen requiridos.
- f) Administrar o orzamento de ingresos e gastos da Fundación, así como os cobros e pagos e os investimentos, nas condicións establecidas polo Padroado.
- g) Formular as contas anuais.





- h) Representar á Fundación diante dos/as usuarios/as, clientes, provedores, patrocinadores, colaboradores, traballadores, Administracións Públicas, etc..
- i) Elaborar a documentación a presentar aos órganos da Fundación e cantos informes soliciten, así como executar as propostas que aproben.
- j) Aprobar a celebración de acordos, convenios e contratos que sexan de interese para a Fundación, segundo os poderes especificamente atribuídos polo Padroado.
- k) Todas aquelas que, de maneira explícita, lle sexan atribuídas polo Padroado na súa condición de xestor/xestora ordinario/a da Fundación.

Artigo 29. Comisión de auditoría e control

No caso de que a Fundación estea obrigada a someter as súas contas a auditoría, constitúrase unha comisión de auditoría e control dependente do Padroado segundo o artigo 119 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Estará integrada por un mínimo de tres e un máximo de cinco membros, nomeados polo Padroado, non tendo porque ser necesariamente membros deste, e o seu cese será por decisión do Padroado ou renuncia dos membros. Asistirá ademais ás súas reunións, con voz e sen voto, o/a Director/a Xerente. O/A seu/súa Presidente/a será elixido/a por e entre os seus membros, non podendo recaer a elección en quen sexa Presidente/a do Padroado. Actuará como Secretario/a da Comisión o/a Secretario/a do Padroado, con voz pero sen voto.

A Comisión de Auditoría e Control terá as seguintes funcións:

- a) Vixiar o cumprimento dos requisitos legais e a correcta aplicación dos principios de contabilidade xeralmente aceptados, así como informar as propostas de modificación de principios e criterios contables.
- b) Informar ao Padroado por medio do/a Presidente/a deste órgano ou da persoa que el/ela considere adecuada, sobre as cuestións que no curso das reunións plantexen os/as patróns/patroas en materias propias da competencia da Comisión.
- c) Propor ao Padroado, por medio do/a Presidente/a deste órgano, a designación do/a auditor/a de contas externo e, no seu caso, a revogación ou non revogación do seu nomeamento.



d) Supervisar o cumprimento do contrato de auditoría, procurando que a opinión sobre as contas anuais e os contidos principais do informe de auditoría sexan redactados de forma clara e precisa.

e) Velar pola independencia do/a auditor/a de contas, prestando atención a aquelas circunstancias ou cuestións que puideran pola en risco e a calquera outras relacionadas co proceso de desenvolvemento da auditoría de contas.

f) Informar anualmente ao Padroado acerca da evolución e perspectivas dos gastos en relación cos fins da Fundación.

Título V. Réxime económico

Artigo 30. Dotación fundacional

A dotación fundacional conformase por tódolos bens e dereitos que constitúan a dotación inicial da Fundación, así como por aqueles outros que, no sucesivo, se aporten á mesma con este carácter.

Artigo 31. Patrimonio fundacional e adscrición a este

31.1 Formarán parte do patrimonio da Fundación calquera ben, dereito e obriga, susceptibles de valoración económica que integren a dotación ou aqueles que adquira a Fundación con posterioridade, independentemente de que se afecten ou non á dotación.

31.2 Os bens e dereitos do patrimonio fundacional terán que figurar a nome da Fundación, constando no inventario e no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego. Así mesmo, os bens e dereitos que sexan susceptibles de inscrición noutros rexistros, terán que ser inscritos nos mesmos.

31.3 Queda facultado o Padroado para facer as variacións necesarias na composición do patrimonio da Fundación, de conformidade co que aconselle a conxuntura económica de cada momento e sen prexuízo de solicitar a debida autorización ou proceder á oportuna comunicación ao Protectorado.

31.4 Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue.

Artigo 32. Financiamento

32.1 A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase





cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se fora o caso, con aqueles outros procedentes das subvencións que se poidan percibir dos entes públicos; as aportacións, axudas, doazóns, herdanzas e legados; o rendemento de actividades, servizos e publicacións; os intereses de contas bancarias ou activos financeiros; e calquera outro legalmente obtido.

32.2 A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directa ou indirectamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexan contrarios á vontade fundacional.
- c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios/as.

Artigo 33. Réxime económico-financeiro

33.1 Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerase de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

33.2 A Fundación levará unha contabilidade ordenada e axeitada á súa actividade, que lle permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para ilo, levará necesariamente un libro de actas, un libro diario, un libro de inventario e contas anuais, así como o axeitado control da súa contabilidade.

33.3 O réxime orzamentario e o económico-financeiro de contabilidade e de control da Fundación, será o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma.

Artigo 34. Elaboración do Plan e presentación das contas anuais

34.1 O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un Plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e máis unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación. Este Plan de actuación deberáselle presentar ao Protectorado acompañado de certificación de aprobación por parte do Padroado da Fundación, que as depositará no Rexistro de Fundacións de Interese Galego e con independencia do seu depósito noutros rexistros que legalmente poidan esixilo.





**XUNTA
DE GALICIA**

34.2 O Plan de actuación aprobado polo Padroado e presentado perante o Protectorado poderá ser modificado por acordo do Padroado fundacional, remitindo a devandita modificación novamente ao Protectorado.

34.3 O director/xerente, formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas polo propio Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico, e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes á súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Os membros do padroado deberán asinar as contas anuais en todas as follas.

34.4 As contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

34.5 A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da fundación e as variacións patrimoniais producidas. Ademais, incluírase na memoria as actividades fundacionais, os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grado de cumprimento do plan de actuación, diferenciando entre ingresos e gastos e indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios/as en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que no seu caso se subscribiran con outras entidades para estes fins, así como o grao de cumprimento do destino das rendas e ingresos.

34.6 Se a Fundación se atopa dentro dos requisitos legais establecidos, os documentos anteriores someteranse á auditoría externa, remitindo ao Protectorado o informe da mesma xunto coas contas anuais.





34.7 No caso de existir cambio na lexislación vixente en canto á esixencia doutros documentos ou no relativo aos prazos de presentación dos mesmos, o Padroado cumprirá, en todo momento, co que sexa de aplicación.

34.8 A Fundación estará suxeita ao control financeiro que realizará a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias que nesta materia correspondan ao Consello de Contas de Galicia.

Título VI. Da modificación, agregación ou extinción

Artigo 35. Modificación estatutaria

35.1 Por acordo do Padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e se cumpran os requisitos esixidos no artigo 114 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e no artigo 41 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.


35.2 Para a adopción de acordos de modificación, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado.

35.3 A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo Padroado deberá ser comunicada ao Protectorado e autorizada polo Consello da Xunta de Galicia nos termos establecidos na lexislación en vigor. Unha vez autorizada deberase formalizar en escritura pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 36. Fusión con outra fundación e escisión

36.1 A Fundación poderase fusionar con outra ou outras fundacións, logo de acordo dos respectivos Padroados.

36.2 O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable das dúas terceiras partes dos/as asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado. Dito acordo de fusión terá que ser comunicado ao Protectorado nos termos do artigo 42 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, con anterioridade ao outorgamento da escritura pública, que posteriormente se inscribirá no Rexistro de Fundacións.





36.3 O Padroado da Fundación poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

Artigo 37. Extinción

37.1 A disolución da Fundación produciase por acordo dos membros do Padroado que determine a imposibilidade, legal ou material, de cumprir os seus obxectivos. En caso de acordo de disolución este requirirá o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros e a súa ratificación por parte do protectorado.

37.2 Así mesmo, a Fundación extinguirase por calquera outra causa establecida pola lexislación vixente.

37.3 A constitución, transformación, modificación de estatutos, fusión, extinción e perda da representación maioritaria da Fundación, e os actos que impliquen a perda do seu carácter de Fundación do sector público autonómico, deberán ser autorizados por acordo do Consello da Xunta, segundo o establecido no artigo 114 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.


Artigo 38. Liquidación e adxudicación do patrimonio

38.1 A extinción da Fundación determina a apertura do procedemento de liquidación que se realizará polo Padroado baixo o control do Protectorado.

38.2 Os bens e dereitos resultantes da liquidación integraranse no patrimonio da Comunidade Autónoma.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

En atención ao deber de publicidade establecido para as fundacións de interese galego no artigo 31.b) da Lei 12/2006, do 1 de decembro, e sen prexuízo do seu anuncio e difusión xeral, a Fundación publicará na súa sede electrónica, de contar cunha, a expresión dos fins fundacionais, as actividades proxectadas, así como as condicións e requisitos das licitacións e axudas que convoquen durante o exercicio.





DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Autorízase ao Padroado para a creación dun Comité de Honra, constituído polas máis altas instancias, autonómicas, nacionais e internacionais, cando así se estime máis favorable para o óptimo desenvolvemento da Fundación. Este Comité, que asumirá as máis altas funcións representativas da Fundación, apoiará e presidirá as principais actuacións que esta realice e organice con motivo da celebración dos máis importantes eventos e actividades para o ámbito deportivo galego.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

O previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado lle atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións a que a Fundación expresamente se somete.





**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES**

Alicia Seijas Peña
Fundación Pública Deporte Galego
Rúa Madrid, núm. 2, 2º
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Asunto: estatutos aprobados polo Consello da Xunta

Achego copia compulsada do acordo do Consello da Xunta de Galicia de 10 de xuño de 2024, polo que se autoriza a modificación dos estatutos da Fundación Deporte Galego.

De conformidade co establecido no artigo 33 do Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego, as modificacións estatutarias deben constar en escritura pública á que se incorporará o acordo do padroado, o texto consolidado dos estatutos, así como o acordo do consello da Xunta de Galicia, pola súa condición de fundación do sector público.

Posteriormente, debe solicitarse ante este Rexistro de Fundacións a inscrición da modificación dos estatutos, presentando, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (formulario PR750A), a escritura pública correspondente e devolver a documentación incluída neste escrito.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2024

O xefe da Sección de Fundacións

Miguel Fernández D


VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA



XUNTA
DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de xuño
de dous mil vinte e catro adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Autorizar a modificación dos estatutos da Fundación Pública Deporte
Galego de conformidade co texto que se xunta como anexo."

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente,
en Santiago de Compostela, a dez de xuño do dous mil vinte e catro.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE



É COPIA SIMPLE

